



CIRCULAR INFORMATIVA 22/2019

1. ORZAMENTO 2020

A Xunta Xeral, na sesión que tivo lugar o pasado 26.12.2019, aprobou o orzamento para o exercicio 2020 por un importe de 871.288 euros. As novidades máis importantes respecto dos exercicios anteriores son as seguintes:

Estado de gastos

- Incrementábase nun 10 % a partida correspondente á “póliza do seguro de responsabilidade civil”, debido á subida da prima nun 10 %.

Para o exercicio 2020 incrementábase a achega que o Colexio destina a esta póliza (cun incremento de 20.000 €), polo que o importe total da achega pasa a ser de 50.000 euros anuais.

- Incrementábase a partida correspondente a “formación, xornadas e cursos” co fin de continuar a liña marcada de ofrecer unha programación adecuada en formación continua para os colexiados e colexiadas, mantendo o seu carácter gratuíto.
- Incrementábase a partida “mantemento informático” xa que para o exercicio 2020 está prevista a posta en marcha dunha App (aplicación para dispositivos móbiles) que facilite e potencie a comunicación con todos os colexiados e colexiadas.
- Incrementábase considerablemente a partida correspondente a “biblioteca” para facer fronte á adquisición de novas bases de datos de xurisprudencia na páxina web do Colexio.

Estado de ingresos

- As cotas colexiais trimestrais non sofren ningunha modificación e non se lles aplicará o incremento do IPC.
- Redúcese en 20.000 euros a achega dos colexiados á póliza do seguro de responsabilidade civil, xa que se aprobou un incremento da achega que fai o Colexio (de 20.000 €), pasando a axuda total do Colexio para a dita póliza a 50.000 euros por anualidade, que se dividirá de forma proporcional entre todos os asegurados.
- Incrementábase a partida correspondente a “emisión de ditames e informes”, debido ao aumento do volume de informes de honorarios emitidos polo Colexio para atender o incremento notable de informes en taxacións de custas e de informes periciais solicitados polos xulgados.

O texto íntegro do orzamento e a súa memoria están dispoñibles na páxina web do Colexio: [Orzamentos 2020](#)

2. COTAS COLEXIAIS TRIMESTRAIS PARA 2020

No orzamento para o exercicio 2020 aprobouse non aplicar o incremento do IPC ás cotas colexiais periódicas, co que estas manterán os importes que tiveron durante 2019:

- Exercentes: 109,20 €/Trimestre
- Non exercentes: 43,12 €/Trimestre
- Censos CGAE e CAG: 13,53 €/Trimestre



CIRCULAR INFORMATIVA 22/2019

3. INCREMENTO DA ACHEGA DO COLEXIO Á PÓLIZA DO SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL: 50.000 € ANUAIS

No orzamento de 2020 acordouse tamén un incremento de 20.000 euros á achega que o Colexio destina á póliza do seguro de responsabilidade civil, polo que o total da axuda á dita póliza pasa a ser de 50.000 euros anuais.

4. TÍTULO DE DECANO HONORARIO A D. EVARISTO NOGUEIRA POL

A Xunta Xeral, na sesión do 26.12.2019, de acordo co establecido no artigo 133.1 do Estatuto do Colexio de Avogados, tamén acordou, por proposta da Xunta de Goberno, o nomeamento de D. Evaristo Nogueira Pol como decano honorario do Colexio.